

Acta reunión Comisión Académica Universitaria do Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as Súas Aplicacións

Ás 10 horas do 20 de novembro de 2015, na Sala de Traballo de Inglés (Sala 303), réunese en segunda convocatoria a Comisión Académica da USC do Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as Súas Aplicacións, en sesión extraordinaria, co punto único:

Informe anual de seguimento do curso 2014-15 do Master Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as Súas Aplicacións.

Asistentes

Dona Patricia Fra López (Coordinadora do Mestrado)

Dona María José López Couso (decana)

Dona Josefa Vázquez Docampo (responsable de xestión)

D. Ignacio Palacios Martínez

Dona Teresa Fanego Lema

Dona Paloma Núñez Pertejo

Dona Susana Doval Suárez

Dona Daniela Petterson Traba (representante estudantes)

Excusan a súa asistencia

Dona Elsa González Álvarez

D. Constante González Groba

Dona Laura Lojo Rodríguez

Dona Cristina Mourón Figueroa

D. Jorge Sacido Romero

Dona Marta Yáñez Castiñeira

Seguindo as indicacións da ACSUG recollidas na nova guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster (xullo 2015), e tomando como punto de partida a documentación (guías, informes e indicadores) facilitada desde a Área de Calidade da USC e a información sobre distintos aspectos proporcionada desde o Decanato dos tres centros implicados na impartición do Título (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, Universidade de Vigo), os membros da Comisión do Título debateron sobre o **informe** que se adxunta a esta Acta.

Dito **informe** céntrase nas tres dimensións e sete criterios a avaliar no seguimento do título:

DIMENSIÓN 1: A xestión do título	DIMENSIÓN 2: Recursos	DIMENSIÓN 3: Resultados
Criterio 1: Organización e desenvolvemento	Criterio 4: Recursos humanos	Criterio 6: Resultados de aprendizaxe
Criterio 2: Información e transparencia	Criterio 5: Recursos materiais e servizos	Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendimento
Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade		

No proceso de elaboración de dito **informe** recolléronse e analizáronse os datos para eses sete criterios, o que permitiu identificar algunhas deficiencias ou puntos febles no desenvolvemento do Título para os que se propoñen distintas accións de mellora co fin de superalos; esas accións de mellora inclúense no IS do Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados. Curso 2014-15

Nesta reunión a Comisión deu por rematado o proceso de dito informe adxunto. Este informe xa fora revisado pola Comisión Interuniversitaria do Master, reunida o día 19 de novembro de 2015, ás 16:30 horas, na Sala de Videoconferencias (B03) da Facultade de Filoloxía, na Aula 1.6 da Facultade de Filoloxía na Universidade da Coruña e a Sala de Videoconferencias da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Rematou a reunión ás 12:15 horas.

ANEXO

INFORME DE AVALIACIÓN DA COMISIÓN DO MÁSTER EN ESTUDOS INGLESES AVANZADOS E AS SÚAS APLICACIÓN S PARA O PROGRAMA DE SEGUIMENTO DO CURSO 2014-2015

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Os datos relativos á organización e desenvolvemento do Máster teñen en conta os criterios recollidos na **EVIDENCIA 3**, que analiza o perfil real de ingreso/egreso de estudantes. Para esta análise se tiveron en conta os valores dos indicadores IN01M-PC-05, IN02M-PC-05; IN03M-PC-05; IN04M-PC-05; IN05M-PC-05; IN06M-PC-05; IN07M-PC-05; IN08M-PC-05; IN09M-PC-05; IN12M-PC-05; IN13M-PC-05; IN14C-PC-05;

A experiencia da segunda edición do Máster durante o curso académico 2014-2015 pon de manifesto o interese e a relevancia do título, de acordo coas seguintes evidencias:

- O número de prazas ofertadas [IN01M-PC-05] mantense. Dado que se trata dun título interuniversitario, na totalidade das prazas se tivo en conta a proposta de ofertar un número determinado de prazas por universidade, pero que as vacantes puideran ser redistribuídas entre os tres centros participantes no título de ser preciso e sempre que se contase, como é o caso, cos recursos humanos e materiais necesarios. Así, as prazas que non se cobren nunha universidade poden acumularse na que as precisa.
- O Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións é o único programa destas características, disciplina e orientación que se oferta no Sistema Universitario Galego. A matrícula oscila lixeiramente cada ano; así, na USC de 22 matriculados no curso 2013-14 pasouse a 18 no 2014-15 e na UVigo a variación foi á alza: de 4 matriculados no 2013-14, pasouse a 10 no 2014-15.
- Obsérvase un descenso no número de alumnos de novo ingreso (de 22 no 2013-14 a 12 no curso 2014-15), polo que se propón unha Acción de Mellora [AM-01] que inclúa medidas para informar aos estudantes e fomentar o seu interese polo Máster, destinado a estudantes de grao e aqueles que estean cursando o Máster en Formación do Profesorado, que descoñecen a posibilidade de recoñecemento de créditos entre os dous mestrados.
- En canto á nota media de ingreso dos nosos estudantes, segue sendo elevada (7,50) e o 100% dos estudantes acceden á titulación cunha puntuación superior a seis [IN07M-PC-05].
- En canto á procedencia dos estudantes, confírmase o atractivo a nivel internacional do título, que incorporou estudantes estranxeiros xa dende o primeiro curso académico de implantación. No curso 2014-15 aumentou lixeiramente a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados na USC [11,11% no curso 2014-15 fronte ao 9,09% no curso 2013-14]

[IN08M-PC-05]. Matriculáronse oficialmente no título 2 estudantes na USC e 2 na UVigo.

Tendo en conta estes datos, a elevada taxa de matrícula no Grao en Lingua e Literatura Inglesas da Universidade de Santiago de Compostela (108 alumnos), no Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios da UDC (74 estudantes no curso 2014-15), así como nos graos en Linguas Estranxeiras (59) e en Tradución e Interpretación da UVigo (102 nas ramas de Español-Inglés e Galego-Inglés) xustifica a necesidade dun máster que facilite aos graduados a posibilidade de continuar a súa formación no ámbito dos Estudos Ingleses e mesmo acceder aos estudos de doutoramento.

Dado que se trata dun máster cunha forte orientación investigadora, consideramos oportuno salientar que un número significativo dos estudantes que obtiveron o título de Máster en Estudos Ingleses dende a súa implantación se matricularon no programa Interuniversitario de doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados.

No que respecta á **EVIDENCIA 4 (E4)**, a información relativa ás guías docentes de todas as materias do Máster en Estudos Ingleses Avanzados están a disposición do alumnado na páxina web propia do título, www.imaes.eu.

No que atinxe ao Informe 09, o grao de satisfacción dos egresados coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral é de 3,25 (sobre 5) na USC. Aínda que a valoración é superior á media da universidade, considerase necesario mellorar a xestión do proceso de elaboración e defensa dos TFM. A experiencia nos anos de implantación do máster pon de relevo a complexidade deste proceso desde o punto de vista docente, acrecentada polo carácter interuniversitario do título. Proponse, por tanto, unha AM (AM-02) a estes efectos.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Este título conta cunha páxina web propia: <http://www.imaes.eu/>, na que figura a información sobre perfil del ingreso, procedementos de acceso, preinscripción e matrícula, plan de estudos etc.

De feito, este é un dos aspectos máis valorados polo estudantado, como se pode comprobar, por exemplo, no informe detallado da satisfacción do estudantado na UDC, no que a media de satisfacción co procedemento de admisión de estudantes é dun 6.60 sobre 7; o coñecemento dos criterios e o procedemento de admisión, dun 6.40 sobre 7; e a información recibida sobre o título, dun 6.60 sobre 7. Os datos pertencentes aos outros dous centros comentáronse na análise da Evidencia 10 (E10) no criterio 3.

Ademais, cómpre engadir a disposición dos coordinadores das tres universidades para responder ás consultas dos estudantes interesados durante todo o ano, así como o permanente contacto entre as unidades de xestión das universidades e os coordinadores.

A información na Universidade da Coruña está no seguinte enlace <http://estudios.udc.es/es/study/start/4505V01>

Na Universidade de Vigo a información do título atópase no seguinte enlace, que remite á páxina propia do Máster: <http://fft.webs.uvigo.es/>

En canto á USC, a Facultade de Filoloxía empregou, ata finais do curso 2014-2015, unha páxina web propia con información que completaba a fornecida na páxina web da USC, co obxectivo de que a información relevante sobre o título fose o máis ampla posible e estivese dispoñible para todos os axentes implicados no mesmo con rapidez. Esta páxina web, na que se proporcionaba parte da información necesaria no seguimento do título, foi eliminada recentemente pola USC, que está en proceso de elaboración de novas páxinas web para todas as facultades. Mentres este proceso non culmine, a información está sendo migrada da web propia á da USC, polo que é posible que algún dos enlaces incluídos agora no IS do título non estean operativos no futuro. **[EVIDENCIA 6 (E6)]**

En relación con este criterio, no Informe de Seguimento do curso 2013-2014 inclúese una acción de mellora (AM-05) destinada a "velar a nivel interuniversitario pola calidade do título e facer públicos os datos relativos á mesma". Esta AM consiste en "incluír no apartado "Acreditación e Calidade" (Accreditation and Quality) da páxina web oficial do título, os resultados e taxas máis relevantes dos anos académicos anteriores". Esta AM continúaase ata xullo de 2016.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

A información sobre as **EVIDENCIAS 7, 8 e 9 (E7, E8, E9)** referentes ao Sistema de Garantía de Calidade, aparece no seguinte enderezo: <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/guiacentros/calidade.html>.

Estas evidencias son de acceso público e deixan constancia, entre outros aspectos, da plena implantación dos procedementos completos e actualizados, a mellora de programas formativos, a garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante. Con data 29/10/2014 levouse a cabo unha modificación do SGIC.

Para analizar a evidencia 10 no informe de seguimento (Análise das enquisas de satisfacción), referente tanto a este criterio como ao criterio 7 (Indicadores de satisfacción e rendemento), tivéronse en conta os valores dos indicadores IN16-PC-08, IN18M-PC-08, IN19M-PC-09, IN20M-PC-09, IN21M-PC-09, IN22M-PC-09, IN23M-PC-12, IN42-S01-PM-01, e os informes INF.04, INF.05, INF.06, INF.07, INF.08, INF.09

Os grupos aos que se refiren os devanditos indicadores e informes corresponden ás enquisas sobre mobilidade, prácticas externas, satisfacción dos egresados e as realizadas polo PDI e PAS.

1. MOBILIDADE

No que se refire ao primeiro grupo, a análise do IN16-PC-08, que reflicte a satisfacción dos estudantes entrantes con programas de mobilidade, o resultado das enquisas é positivo, mesmo cun aumento lixeiro en comparación cos resultados do curso 2013-14.

2. PRÁCTICAS EXTERNAS

Os datos máis salientables dos que dispoñemos na actualidade con respecto á satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas aparecen reflectidos no Informe da Enquisa de Satisfacción do alumnado coas Prácticas Externas [INF 06]:

- 1) O nivel de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas aumentou de modo considerable no curso 2014-15. Así, por exemplo, na USC pasouse dun 3.99 no curso 2013-14 a un 4.57 neste curso. En todas as enquisas, destacan que a duración das prácticas foi axeitada, que as instalacións e medios cos que contaron foron suficientes, e que a atención recibida por parte do titor profesional foi a adecuada (en todos estes niveis, a satisfacción foi dun 100%). En xeral, as actividades desenvolvidas nas prácticas cumpriron as súas expectativas (nun 4.00 sobre 5). A valoración das mesmas como complemento útil para a súa formación foi de 4.50 sobre 5, e a súa satisfacción foi a máxima (5 sobre 5).
- 2) Observouse un aumento na participación dos titores profesionais nas enquisas de satisfacción coas prácticas externas (INF 07), na taxa de resposta do 40% de enquisados (4 titores), e no nivel medio do seu grao de satisfacción xeral, que foi moi positivo, de 4.5 sobre 5. Os aspectos que máis valoraron foi o grao de integración do alumnado no medio de traballo e o cumprimento por parte dos estudantes das actividades asignadas (4.5 sobre 5 nos dous casos). En canto á comunicación e coordinación dos titores profesionais cos responsables académicos a valoran cun 4.75 sobre 5. É salientable, así mesmo, que constatan a formación inicial do alumnado cun 4 sobre 5, co que a experiencia para ámbalas dúas partes é moi satisfactoria.
- 3) Pola contra, non contamos con indicadores sobre a Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas (IN21M-PC-09). Propónse unha acción de mellora [AM-03] que fomente a participación de todos os titores académicos nas enquisas de satisfacción.

3. EGRESADOS/AS

O grao de satisfacción dos egresados en relación con diversos aspectos do máster é moi positiva. Por exemplo, na USC é de 4,25 sobre 5 con respecto á súa formación teórica e dun 3,25 sobre 5 na súa formación práctica, moi superior en ambos os dous parámetros á media global da Universidade, que está nun 3,11 para formación teórica e un 2,82 para a formación práctica [INF 09]. Os aspectos que máis se potenciaron no título, segundo a mesma enquisa, son o pensamento crítico (4.25 sobre 5), a capacidade de comunicación oral ou escrita (4.25 sobre 5), a capacidade de traballo en equipo (4.25 sobre 5), a de transmitir información, ideas e solucións dentro do ámbito de estudo (3.75 sobre 5), a capacidade para a aprendizaxe autónoma (3,75 sobre 5), e o grao en que as prácticas externas completaron a súa formación (4.25 sobre 5). Así mesmo, o grao de satisfacción global co profesorado da titulación é de 4.25 sobre 5, e por enriba de 4.00 están as medias do título con respecto a recursos tecnolóxicos (4) e de biblioteca (4.50).

Menos positivos son os resultados relativos á satisfacción cos horarios e co calendario académico (3.25) e as actividades de acollida e presentación do título (3.25).

Un nivel similar de satisfacción amosan os estudantes nas outras universidades participantes, como veremos na análise da Evidencia 10 (E10).

4. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

A satisfacción media do PDI coas actividades desenvolvidas é moi alta, dun 4.03 sobre 5, e a porcentaxe de participación do profesorado é salientable, con 13 cuestionarios respondidos, o que supón un 47,83%. Destaca considerablemente o interese amosado por case a totalidade do PDI, nun 92.31%, en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías, e de apoio didáctico e pedagóxico xeral. No curso 2014-15 o tipo de cursos realizados foi moi variado, cun número moi alto de horas de clase (97, fronte ás 50 horas totais no curso 2013-14). En resumo, segundo os indicadores [IN 28-PS-01], a satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas é moi positiva, de 4,47 sobre 5, aumentando aínda que lixeiramente os parámetros do ano 2013-14, dun 4.42 sobre 5.

5. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

A satisfacción media do PAS pasou dun 4.09 no curso 2013-14 a un 4.11 no curso 2014-15. Tamén a satisfacción que amosan con respecto ao traballo desenvolvido é positiva, dun 3.58 sobre 5, pero non podemos comparar este dato, establecido no IN49-PS-01, por non contar con resultados do curso 2013-14.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Como se reflicte na Memoria de Verificación do título e na páxina web do Máster http://www.imaes.eu/?page_id=33, os/as profesores/as das tres universidades participantes teñen o título de doutor, forman parte do persoal estable das respectivas institucións e son especialistas altamente cualificados. Teñen experiencia docente e investigadora avalada pola concesión de quinquenios de docencia e sexenios de investigación, méritos que aumentaron durante o curso académico 2014-2015 e contan con experiencia na dirección de teses de doutoramento, traballos de investigación tutelados, traballos fin de máster e traballos fin de grao.

Os grupos de investigación das especialidades en lingüística inglesa e en literatura e cultura en lingua inglesa organízanse a través de redes de investigación de xeito coordinado entre as tres institucións participantes no título, e planifican anualmente eventos académicos especialmente orientados a alumnos de posgrao (Máster e Doutoramento). Durante o curso académico 2014-2015 celebráronse eventos destas características e a participación do alumnado do máster foi satisfactoria.

Na web oficial do título aparecen explicitamente os perfís académicos e liñas de investigación do PDI que imparte docencia no Máster.

Como é natural, o profesorado da area de Filloxía Ingleses participa anualmente en programas de mobilidade, realiza estadias, e asiste a eventos académicos no estranxeiro.

En canto ao persoal de administración e servizos, non variou con respecto ao que se detallaba na memoria, e cumpren as obrigas que alí se sinalaron de xeito satisfactorio.

Os recursos humanos e a satisfacción cos mesmos, en particular co profesorado do Máster, é un dos aspectos avaliados máis positivamente polos estudantes nas enquisas, e os ratios do curso 2013-14 foron dun 3.98 sobre 5 na USC; 6.47 sobre 7 na UVigo, e 4.71 sobre 7 na UDC.

EVIDENCIA 13: Análise das enquisas de avaliación da docencia

Para levar a cabo a análise da avaliación da docencia (*vid. supra*) tivéronse en conta os datos referentes a 1) Avaliación da satisfacción coa docencia recibida, que ven reflectida nos valores correspondentes aos indicadores IN46M-S01-PM-01 e IN48M-PM-02, e 2) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida, que aparece no IN47M-S01-PM-01.

- 1) Avaliación da docencia recibida. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi moito máis alta no curso 2014-15 con respecto ao anterior, e amosa unha subida considerable, de case medio punto: dun 4.09 sobre 5 no curso 2013-14 pásase a un 4.53 sobre 5 no curso 2014-15 na USC.
- 2) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF. 14): presentou neste curso 2014-15 unha lixeira tendencia á alza, xa que se pasou dun 3.98 no 2013-14 a un 4.03 sobre 5 no curso presente. En calquera caso é un dato moi positivo, onde o aspecto máis valorado foi a coordinación entre os distintos profesores da materia (4.60 sobre 5 na USC), e o interese dos estudantes cara a materia impartida (4.15 sobre 5).

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

EVIDENCIAS 14, 15, 16 (E14, E15, E16):

Como indican estas evidencias dispoñibles no apartado 2. "Cumprimento de Proxecto Establecido" do Informe anual de seguimento do Master en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións do curso 2014-15, páx. 5, os recursos materiais e servizos son os adecuados para impartir o título. Desglosaremos os datos a continuación.

A) Satisfacción do estudantado. O grao de satisfacción dos egresados cos servizos en xeral foi de 2.98 sobre 5. (IN33M-PS-03), valor que non podemos contrastar cos valores en cursos anteriores porque non contamos con estes parámetros.

Na USC, a media de satisfacción dos egresados coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro foi alta, de 3,75 sobre 5, moi superior á media global da USC, 2.96. Tamén a valoración da biblioteca e dos recursos tecnolóxicos (Campus Virtual, Secretaría Virtual, redes wifi) foron superiores á media global: tales valores foron de 4.50 e 4.00 respectivamente fronte as medias globais que foron 3.77 e 3.45. (INF.09).

En canto ao grao de satisfacción do estudantado na UVigo é dunha media de 3,72 sobre 5. Os parámetros mellor valorados pola súa parte son a súa satisfacción cos obxectivos e competencias acadadas (4.25 sobre 5), cos resultados (4.00 sobre 5) e cos recursos materiais e servizos (4.05 sobre 5). Coinciden coa valoración regular do profesorado no que respecta á orientación do estudantado, que é o valor máis baixo de todos os medidos, 3.30 sobre 5. Para mellorar o nivel de satisfacción tanto dos estudantes como do persoal propónse unha acción de mellora (AM-04) para continuar coa renovación de equipamento informático.

Na UDC, o grao de satisfacción do estudantado é moi positivo (5.40 sobre 7)

B) Satisfacción do profesorado. Na USC, a valoración que fai o profesorado é igualmente positiva: a media de satisfacción co material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade é de 4.23, e cós recursos do centro acadou un valor de 4.08 (INF.14). En canto á satisfacción do profesorado nas outras Universidades participantes, amosan niveis similares: na UDC, as cualificacións son de 6 sobre 7 en satisfacción cos obxectivos do plan de estudos, e superiores tanto co desenvolvemento do ensino (6.11 sobre 7) como cos recursos e servizos destinados ao ensino. O valor máis alto o acadan as accións que orientan ao estudante, un 6.13 de 7 puntos. Na UVigo, os valores máis altos son os de satisfacción cos obxectivos e competencias, un 4.25 sobre 5. O grao de satisfacción xeral do profesorado é de 3.37 sobre 5, sendo nalgúns parámetros lixeiramente superior (no que respecta á súa satisfacción cos obxectivos e competencias, dun 3.83 sobre 5, ou cos recursos humanos, dun 3.63 sobre 5).

CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Como indican as evidencias dispoñibles, os estudantes adquiriron as competencias previstas na Memoria do título. Tanto o número de Traballos Fin de Master defendidos (E17, en PDF adxunto) como a información procedente das cualificacións por materias concretas (INF.15) confirman esta información. [EVIDENCIAS 17 E 18 (E17, E18)].

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

As evidencias a ter en conta para a análise deste criterio son

EVIDENCIA 10. “Informe relativo á E10 do Informe de Seguimento do Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións: Análise das enquisas de satisfacción”. *Vid. supra*, dentro do CRITERIO 3: SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE.

EVIDENCIA 19. Informe relativo á Evidencia 19 (E19) do Informe de Seguimento do Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións: Análise dos resultados do título.

Para a análise dos resultados do título tivéronse en conta os valores das taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, duración media dos estudos, taxa de abandono, así como os relacionados coa eficiencia dos titulados (IN34M-S01-PM-01, IN35M-S01-PM-01, IN36M-S01-PM-01, IN37M-S01-PM-01; IN38M-S01-PM-01, IN39M-S01-PM-01, IN41M-S01-PM-01):

As taxas de rendemento e de eficiencia son similares ás previstas na memoria de verificación do título: as de rendemento acadan o 82,2% na USC, o 86,96% na UVigo e o 89,2% na UDC (80% na Memoria VERIFICA), as de eficiencia oscilan entre o 85,7% da UVigo e o 95% da USC e da UDC (90% na Memoria VERIFICA). A taxa de éxito acada entre o 98% e o 100%. En canto ás taxas de graduación e de abandono, percíbense valores diferentes entre as tres universidades: no que respecta á graduación, van dende o 50% da UDC ao 71% na USC (70% na Memoria VERIFICA); respecto da taxa de abandono, só contamos cos datos da USC, un 4,7%, fronte ó 18% da Memoria VERIFICA.

Algúns dos alumnos egresados do curso académico 2014-2015 entraron a cursar programas de doutoramento (3 estudantes), outros optaron por seguir formándose academicamente cursando outros Mestrados a nivel nacional e internacional (3) e outros están a traballar (8). Podemos dicir, por tanto, que máis do 50% do noso alumnado egresado continúa no mundo académico e/ou está incorporado ao entorno laboral.

Respecto da satisfacción dos estudantes coa información que reciben dende as Facultades e o título, que na USC se sitúa en 3 puntos sobre 5, considerase pertinente mellorar a relativa ás posibilidades de inserción laboral dos egresados deste máster, a través da AM-05, "Organización de xornadas informativas sobre inserción laboral para os estudantes do mestrado, coa colaboración de institucións, empresas e profesionais de distintos ámbitos".